




Petróglifos

Posteriormente iniciaremos o ascenso ao monte do Carrio e durante o mesmo pasaremos a carón das estacións de petróglifos de Penacantadoira, Coto das Casiñas e Fonte da Anella. A ruta segue en subida e continuamos pasando por Outeiro Grande, a chamada Pena de Ouro e pola necrópole das Brañas de Abonxo que ten oito túmulos aínda que bastante alterados.



Pena Cabalada

Continuamos monte a través ata Pena Cabalada. Nas súas inmediacións descubrironse novos petróglifos.



Lagoa estacional

Seguimos subindo e pasamos pola lagoa estacional das Brañas da Regueira. Coroamos a cima de Penarredonda de 827 metros de altitude. No alto, xunto ao vértice xeodésico temos unha gran vista panorámica.



Penarredonda

O percorrido continúa pola corda do monte Carrio con varios miradoiros naturais. Logo xa en descenso pasamos preto da estación rupestre de Brenzós de Arriba e pola chamada Pena das Cruces que ten gravouras de distintas épocas. A parte final permite visitar o castro e a igrexa románica de Losón e o roteiro remata ao pé do santuario do Corpiño.



Igrexa de Losón



Santuario do Corpiño